

Nome _____ Data _____

LEMBRA

Os substantivos teñen **número**: poden estar en singular ou en plural.

Os substantivos en **singular** nomean un só ser ou obxecto. Os substantivos en **plural** nomean varios seres ou obxectos.

Para formar o plural, os substantivos adoitan engadir **-s** ou **-es** á forma do singular.

Alguns substantivos teñen a mesma forma para o singular e para o plural.

1 Subliña os substantivos do texto e clasifícaos.**Incrible!**

O científico e os seus axudantes foron ao lago a buscar ras amarelas. Non atoparon ningún animal así, pero descubriron... uns peixes transparentes!



Están en singular _____

Están en plural _____

2 Copia cambiando o número dos substantivos destacados e as palabras que cumpra.

- Debuxei un **ourizo** nun **folio**.

Debuxei uns _____

- O **tren** pasou por un **túnel**.
- _____

- Gústame o **olor** da **flor** do **anís**.
- _____

**3 Escribe en singular.**

- varios crebacabezas ► un _____
- dous lapis ► un _____
- moitos sacarrollas ► un _____
- os martes ► o _____

Nome _____ Data _____

LEMBRAEscríbense con **h** os seguintes termos:

- Todas as formas do verbo *haber*.
- Moitas outras palabras como *hoxe, home, hora, heroe, vehículo*, etc.

**1 Arrodea a forma correcta de cada parella.**

armónica

harmónica



ovo

hovo



erba

herba



óso

hóso



amaca

hamaca



arpa

harpa

2 Completa as oracións coas palabras anteriores.

- O can do meu veciño atopou un _____ entre a _____.
- Gústame comer un _____ frito e despois descansar na _____.
- A _____ é un instrumento musical de corda e a _____, de vento

3 Escribe a palabra con *h* que corresponda en cada caso.

- É onde se garda o millo. ▶ _____
- O día ten vinte e catro. ▶ _____
- Nel cúranse os enfermos. ▶ _____
- Masculino de *muller*. ▶ _____
- Coche ou automóbil. ▶ _____
- Feminino de *heroe*. ▶ _____

4 Completa as oracións con formas do verbo *haber*.

- Xiana tirou a pelota e _____ de meter unha canastra.
- Mañá _____ que levar paraugas, porque anunciaron auga.
- _____ dous días que non vexo a teu irmán.

